

# XUNTOS FACEMOS MÁIS POR ARTEIXO

## FEITOS

✓ **TRANSPORTE MUNICIPAL.** O goberno de Carlos Calvelo reforzou a súa aposta pola mobilidade en todo o concello reforzando o transporte municipal coa liña circular que une núcleos urbanos, varias liñas que conectan os núcleos rurais cos urbanos e, no verán, o transporte dende Meicende, Pastoriza e Arteixo coas praias.

✓ **REDE DE CENTROS SOCIAIS.** O Concello de Arteixo conta xa con máis de doce centros sociais ao servizo das veciñas e veciños. O punto culminante foi a recente apertura do Balneario de Arteixo, que inclúe espazos para nenos, mozos e maiores. Seguirá traballándose na seguinte fase da reforma deste edificio histórico coa apertura dunhas termas públicas, unha gran biblioteca pública e unha planta adicada as novas tecnoloxías.

✓ **LÍDER EN INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS.** Arteixo conta coas mellores e máis diversas infraestruturas para a práctica do deporte. Como exemplos, aí están o novo campo de fútbol de Pastoriza, a modernización dos de Meicende e Arteixo, o complexo de piscinas de Pastoriza e Meicende, o novo espazo para deportes urbanos no paseo fluvial de Arteixo e a apertura de varias pistas deportivas ao aire libre con acceso de balde.

✓ **LOITA CONTRA A PEAXE DE PASTORIZA.** Calvelo continúa reclamando a supresión da peaxe de Pastoriza, unha reivindicación que ven de lonxe e que comeza a ser escoitada polo Ministerio de Transportes.

✓ **NOVAS SENDAS PEONÍS E PASEOS FLUVIAIS.** Xa está dispoñible o novo paseo fluvial en Villarrodrís e en breve rematarán as obras da prolongación do paseo fluvial de Arteixo para a súa conexión co paseo marítimo, cun recorrido de preto de 11 kilómetros.

✓ **RENOVACIÓN DO PASEO MARÍTIMO.** O Concello de Arteixo renovou parte da súa fachada marítima con accións na zona que va dende a praia de Sabón á de Valcovo, acondicionando os accesos aos areais de Rañal, Repibelo e A Hucha. Cámbiase o pavimento, renóvase o mobiliario urbano e dótase o tramo de paseo de iluminación, ademais de habilitar espazos para o aparcamento de bicicletas.

## PROXECTOS

✓ **MÁIS SENDAS PEONÍS.** O compromiso do goberno de Carlos Calvelo cos hábitos de vida saudables seguirá vixente coa apertura e creación de novas sendas peonís. A prioridade será a conexión entre núcleos rurais e urbanos.

✓ **SERVIZO DE BICICLETAS PÚBLICO.** O Concello xa traballa para que, por primeira vez na historia, Arteixo conte cun servizo de bicicletas público que unirá o núcleo urbano coas praias a través do paseo fluvial e se estenderá a outros núcleos como Meicende, Pastoriza e Vilarrodís.

✓ **INSTALACIÓN DE MARQUESINAS E POSTES INTELIXENTES.** O goberno de Calvelo seguirá fomentando a mobilidade sostible e o uso do transporte público dando facilidades a todas as persoas usuarias para poder controlar mellor o tempo e saber como está a circulación dos buses dende as súas paradas.

✓ **FOMENTAR A CHEGADA DE EMPRESAS DE CALIDADE.** Coa nova nave de Estrella Galicia en Morás como exemplo, o equipo de Carlos Calvelo buscará seguir fomentando a chegada de novas marcas e, ao mesmo tempo, axudar a potenciar todas as grandes empresas que xa hai no polígono de Sabón.

- 1. O Balneario acaba de abrir as súas portas como centro público
- 2. Arteixo é líder da comarca en infraestruturas deportivas como as piscinas públicas
- 3. O goberno de Calvelo está a levar a cabo unha mellora integral do Paseo Marítimo
- 4. Calvelo implantará un sistema de transporte en bicicleta en todo o municipio

